



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A 'ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA LA ENSEÑANZA DE LAS CIENCIAS DE LA TIERRA' (AEPECT), PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA OLIMPIADA DE XEOLOXÍA E PARA O SEU RECOÑECEMENTO COMO ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, como director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARO:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería) formalizou coa Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra (AEPECT) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 18 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante nas fases galega e nacional da Olimpíada de Xeoloxía.

Así mesmo, ten por obxecto promover a formación do profesorado de ensino secundario e a súa actualización metodolóxica e científico-tecnolóxica, así como fomentar neles a necesidade dunha aprendizaxe activa e participativa, onde se impulse o método científico e, por último, ampliar as súas competencias profesionais mediante unha formación apropiada en temas de innovación e investigación educativa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

No Estatuto de Autonomía de Galicia, que na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.





No Real decreto 1763/1982, polo que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanza non universitaria.

Pola súa parte, a Estratexia Galega de Educación Dixital 2020 está orientada ao desenvolvemento de competencias dixitais e STEM para a cidadanía activa e responsable. Esta estratexia recolle, entre as súas accións, a posibilidade de establecer acordos con entidades e colexios profesionais naquelas actividades e accións encamiñadas ao fomento das vocacións STEM e o coñecemento científico.

As olimpíadas científicas teñen, precisamente, esa función, e contan cunha tradición que avala o seu valor na detección do talento no mundo educativo e no fomento das vocacións profesionais.

Pola súa parte, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación, recolle o compromiso das administracións educativas na planificación da formación permanente do profesorado e no fomento das actividades de investigación e innovación, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.

No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción de proxectos de investigación e innovación educativa.

A Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula la convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, recolle a homologación e a participación do profesorado en proxectos de innovación impulsados polas administracións educativas como actividades de formación permanente.

AEPECT é unha entidade sen ánimo de lucro, aberta a todas aquelas persoas interesadas no ensino das Ciencias da Terra que dedica os seus esforzos, entre outros a: defender a presenza e contribución das Ciencias da Terra na formación





dos cidadáns; favorecer o intercambio de investigacións e experiencias educativas; propiciar a actualización científica e didáctica do profesorado; representar os seus asociados e canalizar as súas inquietudes e posicións ante as autoridades educativas e, por último, contribuír solidariamente á mellora da formación do profesorado dos países en vías de desenvolvemento.

É de interese para AEPECT establecer un programa de acción para incentivar e mellorar o ensino e a aprendizaxe da xeoloxía, así como profundar nos coñecementos desta materia no marco do ensino secundario, nos centros de Galicia, a través da organización e desenvolvemento da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e no poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asino dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

